


<http://www.galiciahoxe.com/politica-galicia/gh/gran-homenaxe-popular-moncho-reboiras/idEdicion-2010-08-08/idNoticia-577437/>

XXXV CABODANO

## Gran homenaxe popular para Moncho Reboiras

**Nacionalistas, sindicalistas, militantes socialistas e de EU e intelectuais reivindicán a súa figura máis alá das siglas políticas**

E.P. . SANTIAGO



Moncho Reboiras foi abatido a tiros pola policía en Ferrol en 1975

FOTO: AXENCIAS

Unha homenaxe popular no cemiterio de Imo, en Dodro (A Coruña) conmemorou o 35 aniversario do militante nacionalista Xosé Ramón (Moncho) Reboiras -abatido a tiros pola policía o 12 de agosto de 1975 en Ferrol- cunha homenaxe popular e sen siglas políticas. En declaracións a Europa Press, o irmán do falecido, Manuel Reboiras, definiu este acto como "especial" xa que se cumpren 35 anos da morte do seu irmán e conta coa circunstancia de que se celebran tamén os sesenta anos do seu nacemento. Ademais, a homenaxe deste ano serviu para presentar o *Manifesto 35 aniversario*, unha iniciativa que trata de recuperar a figura de Reboiras pero alonxada de partidismos políticos. Este manifesto destaca a "loita permanente por unha Galiza ceibe e popular" de Reboiras e sinala que a súa "acción política revolucionaria, xa fose intelectual, cultural, sindical, organizativo, axitativo ou armada e vouno abandonar a tranquila vida profesional que daquela lle proporcionaría a súa carreira de enxeñeiro técnico industrial pola sacrificada e perigosa vida na clandestinidade". Por iso, e despois de que o Goberno central recoñecese oficialmente en agosto do ano pasado a Reboiras como vítima do franquismo, un grupo de personalidades decidiu recuperar a figura histórica máis alá das siglas políticas. A pesar de que esta homenaxe causou certos receos entre a UPG, finalmente esta formación adheriuse ó manifesto, que xa conta con máis de 1.000

apoios. Entre eles, os do BNG, FPG, Nós-UP e os sindicatos CIG e CUT. Non a respaldan +Galiza ou o Encontro Irmandiño, aínda que algúns dos seus membros, como Xosé Manuel Beiras, teñen asinado o manifesto a título particular. Tamén se recollen entre os asinantes militantes do PSOE, Esquerda Unida e do PCG. Durante a homenaxe descubriuse unha placa na tumba de Reboiras realizada polo escultor Acisclo Manzano, onde se realizou unha ofrenda floral. Tras a conmemoración no cemiterio, houbo actuacións musicais de Mini e Mero, Pilocho e Xosé Taboada, que interpretou cunha frauta o poema *Negra sombra*. Tamén leron poemas Xosé Luis Méndez Ferrín, Darío Xohán Cabana, Margarita Ledo, e declamouse un texto "in memorian" realizado por María Brañas.